


Grupo de teatro  
*Spartano*  
do Santa Irene



*de Fernando Almena*

# CATACROC!

de Fernando Almena

## PERSONAXES

- CRISTINA**, filla dos donos da casa..... **Raquel Jorge Sánchez**  
**MANUEL**, gústalle Carla..... **Yeray Manuel Rodríguez Cabaleiro**  
**CARLA**, din que gústalle Manuel..... **Paula Chinchilla Argibay**.  
**IRENE**, adora meter medo aos máis pequenos..... **Raquel García Bragado**  
**VIQUI**, dirixe a obra que quere representar o grupo..... **Aldara Cidrás Fuentes**  
**ANA**, opina que os rapaces son parvos ..... **Noemí Dapena Van Renterghem**  
**ELENA**, non está conforme co seu personaxe na obra..... **Carmen García Iglesias**  
**BEATRIZ**, os pais teñen casa na praia, e gústalle Toñito..... **Andrea López López**  
**MARCOS**, gústalle contar chistes e comer sempre ..... **Jaime Núñez López**  
**TOÑITO**, con saídas insólitas, é un desastre ligando.....**Lucas Santiago Borges Diez**  
**MULLER 1**, a poli (parécese a **ELENA**)..... **Tania Álvarez Ramos**  
**MULLER 2**, a “Mantecas”, (parécese a **CARLA**)..... **Paloma Fernández Martínez**  
**MULLER 3**, a “Pernas”, (parécese a **IRENE**)..... **Laura Bragado Ojea**

**O escenario** representa o salón dunha casa de campo. Un par de portas ao foro: unha a dereita (ESQUERDA e DEREITA, as do espectador.), que corresponde coa entrada da casa, e outra, no lateral esquerdo, que comunica con outras dependencias. En primeiro termo, no lateral dereito, unha terceira porta que comunica con outras habitacións. No foro, entre as dúas portas indicadas, un armario. No lateral dereito, un gran ventanal. Mobiliario apropiado para este tipo de casa, no que é indispensable un sofá, enfrontado aos espectadores e que estará entre o armario e a porta de entrada, lixeiramente separado do foro. Un cesto grande que fará as función de mesa con adornos, próximo ao sofá. Un teléfono sobre un moble e un equipo de música, a dereita.

*Na escena, CRISTINA, MANUEL, CARLA, IRENE, TOÑITO e VIQUI. Están repartidos polo escenario, sentados ou de pé, a vontade.*

**CRISTINA.-** *(Vai cara o equipo de música e coloca un disco.)* Imos cun pouco de marcha mentres estas se cansan de curiosear.

**IRENE.-** Deixa que practiquen o deporte nacional.

*Comeza a soar a todo volume unha música estridente de “chuntachunta”.*

**VIQUI.-** Oh, tía!, quita esa merda.

**CRISTINA.-** *(Baixa o volume que quedará así ata que se indique.)* Que dis?

**VIQUI.-** Que quites esa música que é unha merda.

**IRENE.-** *(Como o que fai un chiste.)* “Chunta-chunta-chunta-chunta”.

**CRISTINA.-** Vaia, xa saíu a poetisa. Pois a min vaime.

**VIQUI.-** Pero, non ves que pega menos con nós que un bote de cola?

**CRISTINA.-** Ben, xa a quitarei cando empeceamos o ensaio.

**MANUEL.-** *(Que está intentando ler o libreto.)* Queredes calar dunha vez? Non me deixades repasar o meu papel.

**CARLA.-** Pero mira que es bruto, a un par de semanas da estrea e aínda non sabes o papel.

**MANUEL.-** Moi lista ti, como só dis catro frases...

**CARLA.-** Pero son a que impresiona, ou non?

**MANUEL.-** Porque es máis fea cunha vampira vella?

**CARLA.-** Para te morder mellor... *(Fai un corte de manga ou un xesto parecido.)* Envexa. Xa che gustaría ser o asasino.

**MANUEL.-** Non rica, a asasina só podes ser ti. Aclamada por unanimidade.

**VIQUI.-** Deixádeo xa. E a ver se veñen e empezamos dunha puñetera vez.

**TOÑITO.-** Si, porque o amor doe!

**CRISTINA.-** Darei un berro. *(Quita a música. Logo abre a porta do foro e grita ao exterior.)* Eh, vinde! Que temos que ensaiar!

*Aos poucos, por esa porta do foro, entran ANA, ELENA, BEATRIZ, e máis rezagado, MARCOS.*

**MARCOS.-** Que pasa?

**VIQUI.-** Que viñemos traballar, non de excursión.

**MARCOS.-** Oes tía, que porque sexas a “directora” da obra non te vaias crer Almodóvar.

**VIQUI.-** Moi ben, pois esperemos a que a ti che dea a gana.

**MARCOS.-** Por min...

**ANA.-** Que casa máis <<guai>>!

**BEATRIZ.**- A apropiada para unha obra de terror. Menos mal, porque a nosa casa da praia só valería se fósamos representar un culebrón de luxo.

**ANA.**- E a de armarios que hai. Parece o museo da roupa pasada de moda.

**IRENE.**- Poderías aproveitar para mellorar a túa imaxe.

**ANA.**- Simpática...

**CRISTINA.**- (*A Ana*) Oes, rica, non te dedicarías a remexer nos armarios, verdade? Que coma se dea conta miña nai, prepárama.

**ANA.**- Tía, non te poñas así. Só fisgúei un pouco. (*Cursi*) O normal...

**MARCOS.**- Que máis dá, a túa nai non sabe que estamos aquí.

**ELENA.**- Iso é certo. Oficialmente estamos na clase.

**TOÑITO.**- Que máis ten! Se non pasan lista e o titor non se entera.

**CRISTINA.**- Como que non se vai notar que colgamos clase. Non, se eu vouna cargar de todas as maneiras...

**MANUEL.**- Túa foi a idea de ensaiar aquí (*Con retintín.*) “Teño unha casa no monte xunto ao apeadeiro do tren”... Xunto o apeadeiro,... cinco quilómetros a patas! (*Pisa a Toñito.*)

**TOÑITO.**- Ai! E os meus pes que!?

**CRISTINA.**- Eu non me queixei. Ofrecinme porque coas clases non nos queda tempo para ensaiar. E falta pouco para a estrea...

**VIQUI.**- Pois como sigades así, non ensaiamos en todo o día. E anda que non está verde a obra. Paréceme que a este paso, máis que dar medo o que si imos dar é risa.

**ELENA.**- Iso tiñamos que facer, unha obra de risa.

**ANA.**- A ti o que non che gusta é facer de morta.

**IRENE.**- É moito mellor de terror. (*Ri.*) Os pequenos vanse "cagar de medo".

**CARLA.**- Di que si, que ese rolo é o que lles vai. Sempre están pedindo libros e películas de terror.

**ANA.**- Coma nós cando eramos pequenos. Eu vía na tele todas as películas de medo. Abofé que tapaba os ollos coas mans, pero miraba entre os dedos.

**CRISTINA.**- Eu tamén. Logo, pola noite soñaba con monstros e zombis.

**BEATRIZ.**- Na miña casa non permitían esa clase de películas.

**IRENE.**- Parvadas! Eu soñaba con Brad Pitt, que está máis bo...

**ANA.**- Moi riquiña ti!

**MARCOS.**- As tías non sei para que verán esas películas. Se teñen o medo pegado ás bragas.

*Os varóns rin a graza.*

**BEATRIZ.**- Pintando en copas, xa saú o “as de bastos”.

**MARCOS.**- “Basto”, pero sen chisco de medo. (*Histriónico.*) Mira como tremo. Brrr...!

**MANUEL.**- Corta o rolo, Marcos.

**TOÑITO.**- Pero se é verdade, Marcos ten razón... Ou non e así, tías?

**CRISTINA.**- Agora somos maiores.

**ANA.**- Máis maduras ca vós. E non nos dá medo nada.

**BEATRIZ.**- A proba é que viñemos.

**MARCOS.**- Claro, e como agora non tedes medo, ala! A montar unha obra para asustar aos ananos.

**VIQUI.**- A estas alturas non nos imos pór a discutir de novo o tipo de obra. Elixiuse por maioría.

**MANUEL.**- Eu esmendréllome pensando na cara que van pór os de primeiro e segundo cando apareza Carla coa súa pinta de asasina.

**CARLA.**- *(Picada.)* Caracterizada de asasina que non é o mesmo.

**MANUEL.**- Hai que aceptar a fealdade como a intelixencia.

**CARLA.**- Eu non me queixei da miña intelixencia. E non me cabreedes, que me largo.

**CRISTINA.**- Pois íalo ter cru. Ata as cinco non hai tren.

**TOÑITO.**- Se queres acompañote, Carla. Así a túa espera...

*(CARLA interrompe, seca.)*

**CARLA.**- Pódese facer dedo, non?

**MANUEL.**- Tamén queres asustar aos automobilistas? *(CARLA, airada, vai responder, pero córtaa VIQUI).*

**VIQUI.**- Eu son a que se vai largar como non empezemos.

**IRENE.**- Veña, non te poñas así. Empezamos cando queiras.

**MARCOS.**- Por que non comemos antes os "bocatas"?

**VIQUI.**- Pero se aínda son as once...

**MARCOS.**- A min os cinco quilómetros abríronme o apetito. No frigorífico hai unhas latas divinas: Coello á cazadora, pementos do piquillo, comida para cans...

**CRISTINA.**- *(Simula as tesoiras cos dedos corazón e índice.)* Como se che ocorra tocar unha lata córtoche os...

**MARCOS** - Os que?

**CRISTINA.**- Os dedos.

**MARCOS.**- Ah!, bo.

**VIQUI.**- Empezamos ou non? *( Todos fan xestos afirmativos.)* Non sei se vos destes conta, pero este salón é case igual ao escenario en que se desenvolve a nosa obra. *(Xestos dos demais para indicar- que acaban de descubrir esta similitude.)* Así que

nos vai vir ao xeito. (*Pausa.*) Un momento, estáseme ocorrendo unha idea. Diciades que había moita roupa vella nos armarios, verdade?

**CRISTINA.**- (*Corrixe*) Vella non, pasada de moda. A miña nai garda aquí toda a roupa que xa non se leva. Como as modas sempre volven...

**BEATRIZ.**- Pois a túa nai debe de ter varios séculos, porque hai roupa de todas as épocas.

**CRISTINA.**- É que os meus pais disfrázanse todos os anos no Entroido

**BEATRIZ.**- E os meus, e van ao baile do casino.

**MANUEL.**- Que “diver” (*Por CARLA. Mordaz.*) Abofé, que algunha non necesita disfrazarse.

**CARLA.**- Nin algúns. Levan sempre posta a careta.

**VIQUI.**- Deixádevos de “rollos”, que se vos nota demasiado que estades o un polo outro. (*Xestos de desprezo entre MANUEL e CARLA e risas dos demais.*) Volvamos á roupa.

**MARCOS.**- (*Ri, divertido.*) É vella e apesta a “catalina”.

**CRISTINA.**- (*Picada.*) A ti si que che cheira o traseiro a “catalina”, inculto. Chámase naftalina.

**MARCOS.**- E que dixer, tía?

**VIQUI.**- Eu penso que ...

**CRISTINA.**- Non, Viqui, que xa te vexo vir. A roupa non se toca. Poño a casa e nada máis.

**VIQUI.**- Logo, colocámola no seu sitio. Ninguén se dará conta. E que se vos caracterizades será mais real.

**ANA.**- E máis “molón”.

**CRISTINA.**- Nin falar.

**BEATRIZ.**- Ho, Tía! Non sexas rata. Así farémonos mellor á idea de como temos que caracterizarnos. Na miña casa da praia non habería problemas.

**TOÑITO.**- (*Polo baixo.*) Eu si que iría a túa casa da praia, guapa. (*Beatriz mírao moi seria.*) Quixen dicir: que guapa! Que guapa a vida nunha casa na praia!

**CRISTINA.**- Pero aquí..., os meus pais...

**VIQUI.**- De verdade, Cristina, despois deixabámola como estaba.

**CRISTINA.**- Como se dean conta os meus pais, prométovos que a cargades vós.

**VIQUI.**- Vamos, escollede a roupa que máis encaixe co voso papel.

**IRENE.**- Esta si que é unha boa idea.

*Mutis de todos, salvo de TOÑITO, VIQUI, CRISTINA e ELENA.*

**VIQUI.**- Vos non ides?

**ELENA.**- Eu para facer de morta non teño porqué disfrazarme.

**VIQUI.**- (A *CRISTINA*) E ti?

**CRISTINA.**- (*Enturruñada*) Comigo non contes.

**VIQUI.**- Non sexas parva, se non vai pasar nada. Anda, cámbiate. (*CRISTINA, a regañadentes, vai cara o lateral esquerdo e fai mutis. Pausa. VIQUI repara en Toñito.*) Toñito, que fas aquí?

**TOÑITO.**- Nada! Estou con vos, estou a gusto...

**VIQUI.**- Veña, largo! Vaite cambiar. (*TOÑITO, pesadamente sae. VIQUI fálalle a Elena.*) Elena, non sei por que estás tan a desgusto co teu papel, se é o máis difícil.

**ELENA.**- Pero non digo nin pío!

**VIQUI.**- Como vas dicilo se estás morta. Dirías pío se fixeras de paxariño.

**ELENA.**- A min gustaríame facer o papel de princesa.

**VIQUI.**- Pero se aquí non hai “princesa”; nesta obra non hai “princesas”.

**ELENA.**-Pois invéntase.

**VIQUI.**-Como imos cambiar a obra? O autor enfadaríase.

**ELENA.**- Os autores xa non pintan nada, todo é traballo de adaptación de quen dirixe. E o director, perdón, a directora, es ti. E se non, podíamos ter escollido unha obra na que eu fora a princesa e quen eu ben sei, o príncipe.

**VIQUI.**- E os demais, os sete ananos, non te fastidia! A ti “ese” tenche comido o tarro.

**ELENA.**- Anda que a ti?

**VIQUI.**- “Ese” non ten que ver nesta obra.

**ELENA.**- Claro, claro, se non tería o mellor papel, pero non o de morto.

**VIQUI.**- Nesta obra non hai “morto”, senón “morta”!

**ELENA.**- Tranquila, que os mortos, coma os anxos non teñen sexo!

*Entra BEATRIZ, vestida como unha señora dos anos corenta e adornada con toda a chatarra que atopou pola casa. Contrasta a súa roupa de inverno co abano, que non para de axitar.*

**BEATRIZ.**- Que, xa estábades falando de sexo? Dende logo non tendes arranxo.

*Aparece agora ANA, con aspecto de señorita remilgada de fin de século.*

**ANA.**- Os chicos son peores. Porque unha non se deixa, que se non?

**ELENA.**- (*Cortada*) Pero?

**ANA.**- Nada, sempre pensan no mesmo.

**BEATRIZ.**- Sádicos!

*Entran CARLA, con pinta de asasino sacado dun manual, e MARCOS con toda a aparencia de señorito, en bata de casa, con bastón e un inexplicable caravel de plástico na solapa.*

**CARLA.**- *(Con patético humor)* Tarara, tarara.

**BEATRIZ.**- Ti das medo ao medo

*Acaba de aparecer MANUEL, vestido de mordomo dentro do mais clásico estilo, con uniforme negro, mandil e gravata, posta con moi pouca graza.*

**MANUEL.**- *(Cunha reverencia)* Ordenan algo os señores? *(Observa os demais. Por CARLA)* Ui, nena, que natural te vexo! Por que non te disfrazaches?

**CARLA.**- Pola mesma razón ca ti. Encóntrote máis elegante que nunca. Fixeches ben en non disfrazarte.

*Chega IRENE vestida de policía estereotipado: gabardina clara co colo subido, sombreiro de grandes ás a xogo, bigotiño pintado e, sorprendentemente, unha escopeta colgando do ombreiro. Gargallada xeral.*

**VIQUI.**- Pero, tía, ti ves na tele tódalas películas españolas de hai trinta anos.

**IRENE.**- Un “poli” é sempre un “poli”. Vimos así ao mundo.

**VIQUI.**- E que pinta esa escopeta?

**IRENE.**- É a única arma que encontrei. Un policía ten que ir armado, ou non?

*Nese instante ábrese a porta do lateral esquerdo e xorde CRISTINA, magnificamente caracterizada de anciá, incluso con perruca de cabelos prateados. Os seus movementos son perfectos para a personaxe que representa. Non a recoñecen, polo que quedan todos sorprendidos e cortados.*

**MARCOS.**- Bo... boas tardes, señora. Vimos con Cristina, sabe?

*CRISTINA mírao cun continuo tremor de cabeza.*

**IRENE.**- *(Mundana e suficiente)* Verá, e que estamos ensaiando unha obra de teatro?

**CRISTINA.**- *(Vólvese cara ela con lentitude, pero cando descobre a escopeta dá un berro e descompón a súa lograda figura)* Solta a escopeta do meu pai!

*IRENE dá un respigo e os demais prorrompen en gargalladas.*

**IRENE.**- Eh, tía non te poñas así.

**CRISTINA.**- *(Furiosa.)* É o único que nos ten prohibido tocar.

**MARCOS.**- *(Pícaro, co xesto de quen acaricia un traseiro.)* Pois a nos outras cousas.

*CRISTINA quítalle a arma a IRENE e déixaa sobre un moble da esquerda.*

**VIQUI.**- Tranquila, Cristina.

**CRISTINA.**- Se eu estou tranquila. *(Breve pausa. Ri.)* Enganeivos, eh?

**BEATRIZ.**- Crin que eras unha velliña do lugar.

**ELENA.**- Eu pensei que era a túa avoa.

**MARCOS.**- Pois a min non me enganaches.

*Abucheo xeral.*

**VIQUI.**- Es un fanfarrón.



**MARCOS.-** *(Desconcertado. Con inocencia)* Non, eu son Don Xosé, o home *(sinala a Beatriz)* de Dona Concha.

*Novos abuceos e risas.*

**VIQUI.-** Estadades caracterizados tal cal! Si, creo que así é como temos que caracterizarnos, e non como pensamos. E agora, imos empezar. Ensaiaremos a escena da morte. Pero, mentres, Elena, pon algún disfrace. Non ves que así desentoas?

**ELENA.-** *(Con aire de resignado)* Vale.

*Fai mutis pola porta da esquerda do foro.*

**VIQUI.-** Con este decorado non hai que situarvos. Así que os que intervides na escena, podedes ocupar os vosos sitios. Os demais, poñédevos a un lado.

*BEATRIZ, MARCOS, MANUEL e CRISTINA repártense pola escena. O resto sitúanse no lateral esquerdo, quizais sentados. Algúns colleran o seu libreto.*

**BEATRIZ.-** Eh! Onde está Toñito?

**VIQUI.-** A saber onde andará ese.

**CRISTINA.-** Vou buscalo, non sexa que ande remexendo nalgún caixón.

**BEATRIZ.-** Deixa, que vou buscalo eu.

*(Aparece TOÑITO, caracterizado de cura párroco.)*

**VIQUI.-** Pero ti, onde carallo estabas, “pater”?

**MARCOS.-** Este seguro que estaba rezando.

**MANUEL.-** Claro, claro, *(Entoa.)* “Oh señor cura non baila porque ten unha coroa! Bailaches san Toñito?”

**TOÑITO.-** Deixádeme, teño cousas mellores que escoitar, que non as vosas parvadas.

**CRISTINA.-** Comecemos que xa estamos todos. *(A Viqui.)* Estamos ben así?

**VIQUI.-** Si, vale. *(Sinala cara o público)* Ese será o patio de butacas. Non vos esquezades que sempre se debe falar cara os espectadores, e nunca debemos darlles as costas.

**IRENE.-** Nin sequera Elena?

**VIQUI.-** E por que Elena?

**IRENE.-** Dígoo porque está morta.

**VIQUI.-** Anda, non sexas chistosa.

**MARCOS.-** Falta o ataúde.

**VIQUI.-** Que ataúde?

**MARCOS.-** Cal vai ser? No que hai que meter o morto.

**VIQUI.-** Será o baúl.

**MARCOS.-** E que dixen eu?

**CRISTINA.-** *(Teméndose o peor.)* Aquí non hai ningún baúl.

**ANA.-** (*Sinala un cesto grande que hai na sala a modo de mesa.*) Ese cesto non vale?

**CRISTINA.-** Pero ese ten cousas da miña nai e non se pode tocar.

**VIQUI.-** É igual. (*Sinalando cara o armario do foro*) Meterémolo nun armario. Ben, Empezamos dunha vez?

**TODOS.-** Si, si, vale.

**VIQUI.-** Cristina, a música. (*CRISTINA pon de novo o disco de <chunta-chunta>*) Ese non!, que manía!

**CRISTINA.-** Vale!, equivoqueime.

**VIQUI.-** Pois como ocorra igual o día da estrea!

**CRISTINA.-** É que eu non son a encargada da música.

**VIQUI.-** (*Doutoral*) Xa sabedes que a música xoga un papel moi importante para alcanzar o climax desexado.

**ANA.-** Iso do “clímax”, Que é?

**MARCOS.-** Pareces parva, “clímax” é unha palabra erótica, unha palabrota, non te dás conta de nada.

**MANUEL.-** O teu é para un ingreso na Real Academia.

**TOÑITO.-** Clímax oceánico, clímax tropical, clímax mediterráneo, clímax continental,...

**VIQUI.-** (*Manda calar a Toñito.*) “Clímax” é o momento culminante! Coa música temos xa case conseguido o terror.

**CARLA.-** Os ananos empezan a tremer.

**IRENE.-** A algún profe empezan a darlle suores diarreicas.

**ANA.-** O Xefe de estudos tapa os ollos e disimula....

**TOÑITO.-** (*Con voz de meter medo.*) Clímax tipo chino, clímax de alta montaña, clímax monzónico...!! (*TODOS rin.*)

*Regresa ELENA, vestida totalmente de negro e cunha roupa que lle queda enorme. Ten trazas de macarra.*

**VIQUI.-** Elena, tía, que o loito lévao a familia, non o defunto.

**ELENA.-** É o máis aparente que encontrei. Isto é un traxe de xitana. (*Seria*) Se queres cámbiome e poño o de xitana.

**VIQUI.-** Déixao para a Feria de Sevilla. Está ben así. Sigamos.

**CARLA.-** Viqui, podemos agardar un chisquiño?

**VIQUI.-** A que imos agardar?

**CARLA.-**É que me estou mexando.

**VIQUI.-** (*Desesperada. Grita.*) Pois aguantas!

**BEATRIZ.-** Pois o meu avó co da próstata...

**VIQUI.-** (*Furiosa*) Cala! (*A CRISTINA.*) E ti, pon a música dunha vez. (*CRISTINA coloca o disco e soa unha marcha fúnebre. BEATRIZ e CRISTINA sentan. MANUEL e MARCOS quedan de pé. Silencio.*) Vedes?, esta música dá ambiente, é apropiada, moi apropiada, dálle vida...

**MANUEL.-** Anda esta, dálle vida, si, unha vida!

**IRENE.-** Os “ananos” vanse cagar de medo.

**TOÑITO.-** Irene, como te pasas!

*A música queda de fondo.*

**VIQUI.-** Estamos na escena na que a familia está reunida no salón. É o momento máis importante. Non nos podemos permitir un fallo. Canto aquí se diga ten que ter un aire misterioso, sobrecolledor, terrorífico. Sobre todo despois de que Manuel pregunta...

**MANUEL.-** (*A Beatriz.*) Señora, o café, só ou con leite?

**VIQUI.-** Que ten que ver iso! Esa frase é do comezo da obra. Aquí é o de “Señora, que día é hoxe?”

**MANUEL.-** Ah!, xa. Xa o sei. “Señora, Que día é hoxe?”

**CARLA.-** Ho, que listo é!

**VIQUI.-** E cando Beatriz responde...

**BEATRIZ.-** (*Como un papagaio presumido.*) “Hoxe é o día de defuntos.”

**VIQUI.-** (*Contrariada.*) Con máis graza.

**BEATRIZ.-** (*Entre risas, coma se dixese algo gracioso.*) “Hoxe é o día de defuntos.”

**VIQUI.-** Nin que anunciases o día das festas.

**BEATRIZ.-** Dixeches con máis graza.

**VIQUI.-** Quixen dicir: con mellor estilo. Tes que conseguir un ton lúgubre.

**MARCOS.-** Tía, se eu falase coma ti, estaría presentando concursos na tele.

**MANUEL.-** Poderás calar!?

**TOÑITO.-** Por que vai calar? Marcos ten razón: Viqui é moi redicha.

**VIQUI.-** Ben, admitamos que Beatriz chega a dicir ben a súa frase. A resposta clave chega coa intervención de Cristina...

**CRISTINA.-** (*Moi no seu papel de anciá. Teatral.*) Hoxe é o día no que os mortos saen das súas tumbas, achéganse ás casas e chaman ás súas portas.

*Soan un par de golpes na porta da entrada. Inmediatamente, sobe a música durante uns instantes.*

**VIQUI.-** Quen subiu a música?

**CRISTINA.-** Ninguén, é que este trasto ás veces sobe só.

*Bruscamente cesa a música e faise un tenso silencio.*

**VIQUI.-** (*Intentando romper a situación.*) Este é o momento, este é o momento, cando Elena chama á porta.

*Dous novos golpes na porta. Todos se miran estrañados, menos VIQUI, que está moi metida na representación.*

**VIQUI.-** (*Berra cara a porta da entrada.*) Moi ben, Elena! Aínda que tes que golpear con máis forza se queres impresionar o persoal.

**ELENA.-** (*Levántase e responde coa voz entrecortada.*) Se eu non chamei...

**VIQUI.-** Entón sería o vento. Déixate de bromas.

*VIQUI repara en que ELENA está no cuarto e queda moi sorprendida. De novo, soan dous golpes terribles sobre a porta. Retroceden todos e apíñanse á esquerda. A marcha fúnebre volve soar durante uns instantes. Un novo silencio.*

**CRISTINA.-** Non sei quen pode ser.

**IRENE.-** O carteiro, que sempre chama dúas veces.

**MARCOS.-** Será a veciña na procura dun pouco de azucre ou contar como o seu deterxente lava máis branco.

**CRISTINA.-** O chalé máis próximo está a medio quilómetro. Ademais, aquí pola semana non vive ninguén.

**ANA.-** Ben, quen vai abrir?

*Todos miran a VIQUI.*

**VIQUI.-** Por que eu?

**MARCOS.-** Ti es a directora da obra; es a máis responsable.

**VIQUI.-** E iso que ten que ver?

**TOÑITO.-** Veña, non terás medo?

**VIQUI.-** (*Observa a mirada do resto.*) Está ben, abrirei.

*Achégase con prevención á porta, xira o picaporte e retrocede con rapidez xunto aos seus compañeiros. Un tenso silencio. De repente, ábrese a porta bruscamente e aparece no marco unha muller vestida de negro –a MULLER I-, case exactamente igual a ELENA, aínda que aparenta maior idade. Avanza un paso, mira ao grupo e dá uns berros guturais, ao tempo que levanta os brazos de maneira sinistra. O grupo apíñase aínda máis. Acusan o medo.*

**IRENE.-** (*Sinala. En voz baixa.*) A escopeta.

*TODOS teñen a vista cravada na escopeta. A MULLER I, sen moverse do sitio, repite os seus xestos e berros. O grupo, como se recibiran unha orde, abalázanse sobre a escopeta. A MULLER I, ao ver o seu xesto, avanza con torpeza uns pasos cara eles, á vez que grita e xesticula. Cada un dos membros do grupo pretende empuñar a arma, suxeita por TODOS e que apunta a todas partes menos cara A MULLER I.*

**TODOS.-** (*A coro e con barullo.*) Alto! Atrás! Fóra!...

*Mentres o canón da escopeta mira cara mil sitios, a arma dispárase cun gran estrondo. Todos quedan en suspenso. A MULLER I dá uns pasos inseguros e coa vista extraviada e, moi teatralmente, cae ao chan. Os mozos míranse sorprendidos e, de repente, deixan caer a escopeta ao chan. Quedan no lugar sen ousar moverse.*

**MARCOS.-** (*A IRENE.*) Cargáchela.

**IRENE.-** Eu non fun.

**CRISTINA.-** Nin eu.

**OS DEMÁIS.**- (*Atropeladamente*) Nin eu, nin eu...

**VIQUI.**- Alguén apretaría o gatillo, digo eu.

**CRISTINA.**- O meu pai nunca ten cargada a escopeta.

**CARLA.**- As armas cárgaas o demo.

**CRISTINA.**- Eu si que a vou cargar. Non tiñamos que ter vido.

**BEATRIZ.**- O que ten que facer quen disparou é confesar. Eu, se fora, diríao. Se ninguén se vai chivar.

*Todos gardan silencio*

**ELENA.**- E agora que imos facer?

**VIQUI.**- Creo que o mellor será avisar á policía.

**CRISTINA.**-Aí está o teléfono.

*VIQUI, con receo, vai e descolga o auricular.*

**VIQUI.**- (*Colga*) Non hai liña.

**ANA.**- Cortaríana.

**BEATRIZ.**- Por falta de pago.

**CRISTINA.**- Os meus pais sempre atenden os seus pagos, mona.

**MARCOS.**- (*Con total naturalidade*) Sería a morta.

**MANUEL.**- Que morta?

**ELENA.**- (*Rapidamente; por se houbese algunha dúbida, sinala A MULLER 1*) Esa, esa.

**VIQUI.**- Ben, temos que decidir que facer.

**IRENE.**- Larguémonos como se non pasase nada.

**CRISTINA.**- Claro, e deixámoslle aos meus pais aquí o cadáver.

**CARLA.**- O finado é voso, nós non o trouxemos.

**ANA.**- Si, o mellor é largarse.

**MANUEL.**- E se hai asasinós fóra?

*Movemento xeral de medo*

**CRISTINA.**- Tes razón.

**IRENE.**- Como todos os asasinós sexan coma esta...

**VIQUI.**- Pois algo hai que pensar.

**BEATRIZ.**- Eu non podo pensar con iso aí. Dáme mal rolo...

**CARLA.**- E como teña outros compañeiros e a miren así, (*Pasa o dedo índice polo seu pescozo*) estamos listos.

**ELENA.**- Hai que esconder o cadáver ata que decidamos que facer.

**TODOS.**- (*Salvo Beatriz. A coro*) ...Eeeehh?

**BEATRIZ.-** Elena ten razón. Ela sabe moito de mortos, (*Aclara*) porque o seu pai traballa na funeraria. Por iso non quería facer ese papel!

**VIQUI.-** E onde o escondemos?

*Miran en todas as direccións*

**TOÑITO.-** E se a cortamos en cachos e a escondemos no frigorífico?

**IRENE.-** Perfecto para a nosa obra de terror! O cura psicópata!! Os ananos vanse cagar de medo!

**CARLA.-** Veña, deixade de dicir parvadas, que vos parece se a metemos no armario?

**CRISTINA.-** Non, que despois cheira.

**MARCOS.-** Boh! Ti sempre estás poñendo trabas.

**VIQUI.-** Nin unha palabra máis, ao armario.

**ANA.-** Xa, e quen a mete?

**MANUEL.-** Entre todos.

**MARCOS.-** Entre todos a mataron e ela soíña morreu.

**MANUEL.-** Non creo, Marcos, que estes sexan momentos de chistes.

**MARCOS.-** Perdoa...

*Con máis medo que receo, achéganse A MULLER 1 e, entre todos, cóllena dos pés e das mans e métena no armario. Queren introducila dentro, pero o corpo non cabe tumbado. Teñen que poñelo de pé. A MULLER 1 está flácida. Nun dos movementos, os seus brazos, que oscilan dun lado ao outro, enróscanse sobre o pescozo de Beatriz, que berra.*

**BEATRIZ.-** Quitádeme este becho de enriba!

**MARCOS.-** (*Con seriedade que move a risa*) Nena, poderías ser máis respectuosa ca defunta.

**TOÑITO.-** Mira quen foi falar...

*Despois de moitos esforzos, logran soltar os brazos do cadáver do pescozo de Beatriz. Conseguen poñelo de pé, pero cando van cerrar a porta A MULLER 1, perfectamente recta, pero sen perder a súa flaccidez, inclínase cara diante ata que alcanza unha postura totalmente inestable, grazas a que, ao metela no armario, engancharón polas costas do cinto a unha corda, ou, mellor, uns elásticos, non visibles para os espectadores. Todos retroceden aterrados. Ao final, conseguen sobrepoñerse, empuñan A MULLER 1 e pechan a porta.*

**CARLA.-** Uf, que alivio!!

**CRISTINA.-** A culpa é miña, non tiña que ter proposto vir aquí.

**MARCOS.-** E que se nos dis as movidas que aquí hai non viñamos ninguén.

**CRISTINA.-** A ver se pensas que isto pasa todos os días.

**VIQUI.-** Vale, vale. Agora temos que pensar rapidamente o que imos facer

**ELENA.**- O mellor será achegarnos á estación e chamar á policía.

**MANUEL.**- Xa, e vernos metidos nun bo lóo...

**VIQUI.**- Ao fin e ao cabo, nós matámola.

**TODOS.**- *(A coro )* Eu non fun

**VIQUI.**- Nin eu, pero a escopeta non se disparou soa. A policía terá que descubrir quen é o asasino.

**IRENE.**- *(Con intención arteira)* Ou a asasina...

**BEATRIZ.**- Eu creo que o mellor sería levala ao campo, e quen a atope, para el.

**CRISTINA.**- Ala! Que besta.

**TOÑITO.**- Pois anda que gardala dentro do armario....., non sei que é mellor?!

**VIQUI.**- Creo que foi un accidente e nada temos que temer. Estou con Elena, imos á estación para avisar á poli.

**ANA.**- E se nos mandan unha parella de Gardas civís macizos e nos atizan, que?

**VIQUI.**- Que carallo van atizar...

*Entón, volve soar a marcha fúnebre. Suspiro xeral.*

**CARLA.**- *(A Cristina.)* Queres quitar esa maldita música dunha vez!

**VIQUI.**- Si, mellor será que a quites.

**CRISTINA.**- Vale. *(Vai xunto o equipo de música e desconéctao.)* Nin que eu tivese a culpa de que este equipo sexa un traste.

**MANUEL.**- Por que non miramos polas ventás, non vai ser que esta *(Sinala o armario)* teña algún cómplice espiando.

**VIQUI.**- Boa idea. Temos que mirar desde todas as fiestras da casa. Manuel e Ana que queden aquí de garda.

**MARCOS.**- Non podo quedar con Ana?

**VIQUI.**- Non é o momento de idilios imposibles. Non ves que é moi serio o que nos pasa?

*Inician o mutis: pola dereita van Toñito, Viqui e Irene; pola esquerda Elena, CRISTINA, MARCOS e BEATRIZ. Andan tensos e cautelosos, co medo no corpo. Cristina recolle a escopeta para levala. Mutis de todos. Ana asoma pola ventá do lateral dereito e Manuel senta no sofá.*

**ANA.**- Non vexo a ninguén.

**MANUEL.**- Ana, senta e vamos tranquilizarnos. Teño o medo metido no corpo.

**ANA.**- E eu. Non sei como imos escapar desta.

*Silencio. A porta do armario ábrese moi lentamente.*

**MANUEL.**- Oe, Ana, ti viches algunha vez un morto?

**ANA.**- Si, na tele.

MANUEL.- Anda, e eu! Refírome a un morto viviño e coleando.

ANA.- Manuel, se está vivo, como vai estar morto?

MANUEL.- Muller, ti xa me entendes, digo un morto, un morto de verdade.

ANA.- Non, nunca. Pensaba que serían máis feos.

MANUEL.- Iso debe suceder máis tarde, cando arrefrían.

*Sae a MULLER 1 do armario e deixa aberta a porta. Móvese con lentitude e cambalea. Manuel e Ana oen un ruído e vólvense pero non a recoñecen por que leva a cabeza baixa, escondendo o rostro.*

ANA.-Ai! Elena, que susto nos deches!

MANUEL.- *(Como a ve tan insegura ao moverse.)* Deixa de flipar e senta connosco. *(Vai cara a MULLER 1 e a leva ata o sofá. Sentan os tres. A MULLER 1 segue coa cabeza baixa.)* Así sendo tres, estaremos máis seguros.

ANA.- Ti cres?

MANUEL.- Elena é cinturón negro de karate, sabe protexerse, a que si?

*A MULLER 1 move afirmativamente a cabeza. Sería interesante manifestar tensión e comicidade na escena.*

ANA.- Vos credes que os demais descubrirán algo no exterior mirando polas ventás?

MANUEL.- Espero que non. Elena, di algo, que parece unha morta! *(Dálle á MULLER 1 unha palmada nas costas que fai que estea a piques de caer no chan.)*

ANA.- Non digas esas cousas!

MANUEL.- Perdoa, tes razón.

*Chaman á porta da casa. MANUEL e ELENA miran asustados.*

ANA.- Quen será?

MANUEL.- Eu non abro.

ANA.- *(Berra cara a porta.)* Non hai ninguén!

*Volven petar na porta.*

MANUEL.- Se estiveses calada, guapa. Agora si que saben que hai alguén na casa.

ANA.- Que facemos?

MANUEL.- Haberá que abrir. Tal vez sexa alguén que ven salvarnos.

ANA.- Que abra Elena.

MANUEL.- Si, veña Elena, deixa de facerte a longui e abre.

ANA.- Que cara ten! Abre Elena!

MANUEL.- Vamos, abre.



*Danlle un empurrón e cae de fociños ao chan. Queda boca arriba, mostrando a súa cara e que non se trataba de Elena. Ana e Manuel foxen pola dereita. Case ao mesmo tempo, Elena aparece polo outro lado. Non entra, mira o salón con prevención.*

**ELENA.-** Manuel? Ana? (*A MULLER 1 tan pronto o sente agóchase baixo o sofá. Elena entra no salón. Baten na porta. Elena fala alto.*) Seredes parvas, saístes fóra e pechóusevos a porta, non? (*Vai ata a porta da casa e abre. Aparece a MULLER 2, nova pero mal encarada, que viste practicamente igual que CARLA co seu disfrace e aparenta máis idade.*) Ola Carla! Onde van Manuel e Ana? Espera! Ti non es Carla!

*A MULLER 2 saca un coitelo enorme e ameaza a ELENA.*

**MULLER 2.-** Pensabas que me ías vacilar, eh?

**ELENA.-** Eu....Eu...?

**MULLER 2.-** Si, fai o parvo. Sabía que te cazaría coma un paxaro.

**ELENA.-** Si...si, son un paxaro. E mira, mira como saio voando!

*Elena empeza a correr e sae polo lateral esquerdo. A MULLER 2, sorprendida pola ousadía de Elena, tardou un intre en reaccionar. Saen da escena unha tras outra. Momentos despois, reaparece Elena polo mesmo lateral esquerdo. Busca onde agacharse. Ve aberta a porta do armario e, ao ver que non está a morta, sen pensalo dúas veces, péchase no seu interior. Chegan pola dereita Manuel e Ana seguidas de Viqui e Irene.*

**VIQUI.-** Que parvada é esa de que o cadáver fuxiu do armario?

**MANUEL.-** (*Faille acenos de que baixe a voz*) Dígoche que estaba sentado nese sofá a beira nosa.

**ANA.-** Confundímolos con Elena, como ía vestido igual...

**IRENE.-** O medo faivos ver visións.

**ANA.-** ¡Chis!, baixa a voz, que pode oírnos se segue por aquí.

**VIQUI.-** (*En voz baixa.*) Como vai oírnos nin moverse unha morta. Demostrareivos que segue no armario.

**MANUEL.-** Non, déixao, para que?

**VIQUI.-** Para convencervos.

*Camiña paseniño e de “puntillas” cara ao armario. Manuel e Ana marchan en “retagarda”. Viqui abre a modo a porta. Vese a Elena, que non sabe quen abre, cos ollos tapados coas mans e un pouco encollida, coma se temera o peor. Viqui pecha a porta de súpeto.*

**MANUEL.-** (*Coa cara de sorpresa*) Xúroche que estaba fóra.

**VIQUI.-** Demostreiche o contrario. Incluso, como ves, o cadáver está retorto e creo que xa cheira mal.

**IRENE.-** (*Tapa o nariz*) O medo é o que fai que cheire mal. E ademais fai ver pantasma.

**VIQUI.-** Ao mellor Elena quixo gastarvos unha broma.

**ANA.-** Si que estamos para bromas. Eu pírome de aquí.

**IRENE.**– E se un colega da morta te colle fóra?

**ANA.**– Levo a escopeta.

**VIQUI.**– Ti cres que isto é una película de indios? De aquí saímos todos xuntos ou non se vai ninguén.

**ANA.**– Pois imos buscar a Carla e Toñito e logo aos demais e largámonos dunha vez.

**IRENE.**– Boa idea. Imos.

*Fan mutis, pola dereita. Entón ábrese un pouco a porta do armario e asoma a cabeza de ELENA. Mira en todas as direccións e, ao ver que non hai ninguén, sae do armario, sen preocuparse de pechar a porta, e de “puntillas” fai mutis pola porta do fondo, dereita. De contado, saca a cabeza de debaixo do sofá a MULLER 1. Fai pantalla coa man trala orella e, ao non oír nada, abandona o seu agocho. Encamiñase cara a porta da entrada, procurando non facer ruído, aínda que o seu paso non é seguro. Cando está a punto de collela, pola porta do lateral esquerdo xorde a MULLER 2.*

**MULLER 2.**– Alto aí! Esta vez si que non escapas.

**MULLER 1.**– Como esta vez? Eu nunca intentei escapar de ti.

**MULLER 2.**– Ah!, non? (*Mentres se lle acerca, e move os brazos coma se voara. Burlonamente.*) Voume voando... Non che servirá de nada que mintas. Crías que non te ía a encontrar, eh, listilla? Ghichas coma ti complícanos a vida. (*Moi próxima a ela, saca o coitelo.*) Voute abrir coma unha sandía.

**MULLER 1.**– (*Retrocede en dirección ao fondo e, logo, camiña sen perdela de vista cara o lateral esquerdo, seguida a distancia pola Muller 2.*) Pénsao ben, “Mantecas”. Non fagas nada do que te poidas arrepentir.

**MULLER 2.**– Eu nunca me arrepentín de nada. Primeiro acabarei contigo e, logo, irei por quen ti xa sabes.

*A Muller 2 eleva o brazo co que sostén o coitelo e dá un berro, moi ao estilo telefilme barato, pero nese instante comezan a oírse voces dalgúns dos rapaces que chegan pola porta do fondo. A Muller 2 vólvese mentres a Muller 1 aproveita para escapar pola porta do lateral dereito. As voces óense cada vez máis próximas, polo que a Muller 2 busca onde esconderse. Ve aberta a porta do armario, introdúcese nel e pecha. Entran CRISTINA, MARCOS e BEATRIZ.*

**CRISTINA.**– Anda! Manuel e Ana, en vez de facer garda, abandonaron o seu posto.

**MARCOS.**– E que? O morto non vai escapar, digo eu...

**BEATRIZ.**– Igual foron elas as que se largaron.

**CRISTINA.**– Ou todos e deixáronnos aquí tirados.

**MARCOS.**– Pois non pasa nada, pirámonos e punto.

**BEATRIZ.**– Soamente son cinco quilómetros, e costa abaixo.

**MARCOS.**– Pero soamente somos tres para defendernos.

**CRISTINA.**– Eu non marcho de aquí sen saber que se fai con ela... a morta.

**MARCOS.**– Ao mellor levárona.

**CRISTINA.**– E se non, cando veñan os meus pais morren do susto.

**BEATRIZ.**– Non, muller, solucionarase coa policía cando se avise.

**CRISTINA.**– Eu non marcho sen saber se está aí. (*Sinala cara o armario*) Se vós non queredes comprobalo, eu si.

**MARCOS.**– E nós. A ver se cres que temos medo, verdade Beatriz?

**BEATRIZ.**– Eu si.

*MARCOS encamiñase con decisión cara o armario, pero cando chega ante a porta para en seco. As mozas sitúanse detrás del.*

**CRISTINA.**– Veña, abre.

**MARCOS.**- (*Que non sabe cómo dar marcha atrás.*) E digo eu, para que queremos saber se está dentro?

**CRISTINA.**- Abre e non te botes atrás.

**MARCOS.**- Botarme atrás eu?

*Con tanto medo coma lentitude abre a porta. Aparece a MULLER 2, que trata de escondelo rostro. Os rapaces dan un grito ao ver que se move. Logo, tranquilízanse.*

**BEATRIZ.**- Carla, pódese saber que fas aí co morto?

**CRISTINA.**- Dende logo tes moita graza.

**MARCOS.**- Non vale de nada que te fagas a xorda. Se pensabas asustarnos, quedas coas ganas. Veña, sae de aí.

*A MULLER 2 continúa coa cara volta. MARCOS cóllea pola camisa e tira con forza ata que consegue sacala do armario. A MULLER 2, véndose descuberta, saca o coitelo e pega un berro. Os rapaces escapan polo lateral esquerdo. A MULLER 2 garda o coitelo e queda no centro do escenario dubidando que camiño coller. Vólvese á porta da esquerda cando aparece pola dereita A MULLER 1, que camiña de costas cuidadosamente, como se temera ser seguida. Chega xunto A MULLER 2 e chocan. Dan un salto e dan a volta.*

**MULLER 2.**- Caíches de novo nas miñas mans! Xa te teño!

*Suxéitaa polo colo. Pero nese instante, óense as voces de MANUEL, TOÑITO, VIQUI e ANA que volven, o que fai que solte a súa presa. A MULLER 1 bota a correr e escóndese no armario e A MULLER 2 non sabe que facer, repara entón no gran cesto que hai no salón: ábreo e métese dentro. Entran aqueles.*

**VIQUI.**- Xa quedaron as outras outra vez rezagadas. Se seguimos así non nos imos xuntar nunca para marchar.

**TOÑITO.**- E este é o momento posto que non vimos a ninguén dende as fiestras.

**MANUEL.**- Vou chamar os demais e ímonos. (*Encamiñase a porta da esquerda e berra.*) Rapaces, vámonos!!

*Regresa con rapidez xunto os seus compañeiros. Entón aparece ELENA pola porta da dereita. Como ven toda vestida de negro asusta e dan un berro.*

**ELENA.-** Que pasa? Son eu. Nin que virades unha pantasma!

**ANA.-** Ódiote! Vaia susto que me deches! Pensei que eras a... a... Eu enténdome.

**MANUEL.-** Como de cando en vez sae do armario!

**ELENA.-** Non digas parvadas, que vai saír!! Non está dentro porque algún de vós a sacou.

**VIQUI.-** Nós?

**MANUEL.-** Xa vos dixemos que non estaba, pero non quixestes crernos.

**ELENA.-** Estivera ou non, é igual, á morta non hai que terlle medo, se non o vivo.

**VIQUI.-** De que vivo falas? O medo fai que digas parvadas?

**ELENA.-** Parvadas?, xa. Antes deume por abrir a porta e apareceu unha psicópata cunha espada (*estende os brazos*), así de grande. Case me mata. Empeñouse en que eu era un paxaro e que me cazara. Menos mal que botei a voar!; quero dicir, a correr, e estiven escondida ata que oín chamar a Manuel.

**VIQUI.-** Se é unha broma, non me fai ningunha graza

**ELENA.-** Unha broma? Fíxate que broma, que eu marcho xa. Aínda que sexa soa.

*Diríxese, resolta, á porta da entrada, pero, cando está a punto de alcanzala, baten na porta con forza. Retrocede xunto os seus compañeiros.*

**MANUEL.-** (*En voz baixa.*) Non abrades nin vos movades, que crean que non hai ninguén.

**ELENA.-** (*Igual.*) E se é alguén que ven axudarnos?

**ANA.-** Ou a policía!

**MANUEL.-** A policía? É que non sabes ti que sempre chega tarde?

*Dous novos golpes na porta.*

**VOZ EN OFF.-** Abran á policía!

**TOÑITO.-** Case sempre!

**VIQUI.-** Un momento. E se é un falso policía?

**VOZ EN OFF.-** Abran á policía. Se é que hai alguén dentro.

**VIQUI.-** (*Achégase uns pasos á porta*) Mostre o seu carné por debaixo da porta.

**VOZ EN OFF.-** Si, a patiña vou ensinar. Non te amola!

**ELENA.-** Non abras, Viqui.

**VIQUI.-** En abrir estaba eu pensando!

**VOZ EN OFF.-** Abran ou boto a porta abaixo. Agora verán. (*Tras un instante, óese un forte golpe contra a porta.*) Ai! Me cago na tos! Vaia golpe que peguei. Vou abrir a tiros! Agora veredes!

**VIQUI.-** Será mellor abrir, a ver se nos pega un tiro...!?

**ANA.-** Cun morto xa temos bastante.

**VIQUI.-** (*Berra.*) Espere, que xa abro!

*Con precaución achégase á porta, ábrea e retrocede. Entra A MULLER 3. Viste exactamente igual que Irene co seu disfrace.*

**MULLER 3.-** Pódese saber por que non abriades?

**TOÑITO.-** Iso podemos explicalo agora mesmo.

**MULLER 3.-** (*Ao ver a Elena saca unha pistola e apunta.*) Xa te teño! Quieta, non te movas!

**ELENA.-** Que manía con cazarme! Nin que fóra un pato!

**MULLER 3.-** Ah!, non? Deixa de dicir bobadas que sei quen es.

**ELENA.-** Oia, creo que se confunde.

**VIQUI.-** Esta é Elena María Martínez da Pedra e Rivas do Sil. Un nome demasiado longo. Pero chamamoslle Elena por abreviar.

**MULLER 3.-** Ti cala. (*A Elena, que disimuladamente vai alonxándose .*) E ti, tes dereito a gardar silencio e todo o que digas pode...

**MANUEL.-** Oia, señora que iso é das películas da tele.

**MULLER 3.-** De señora nada, (*recalca*) p-o-l-i-c-í-a. (*A Elena*) E ti non deas un paso máis.

*Nese momento entran pola porta da esquerda CRISTINA, BEATRIZ e MARCOS.*

**MARCOS.-** (*Excitado*) Ei, sabedes que nos pasou? (*Repara na MULLER 3*). Que pasa aquí?

**MULLER 3.-** Pero que pasa aquí? Isto é un colexio? (*A Elena*) Que non te movas!

**ELENA.-** Se non me movo.

*Entón entra IRENE pola porta da dereita.*

**IRENE.-** (*Sen reparar na situación. A punta co dedo índice*) Que ninguén se mova! Policía!

*A MULLER 3 dá un brinco e levanta os brazos intensivamente, pero non solta a pistola. Logo, reacciona, e báixaos con rapidez. IRENE queda “cortada”. A MULLER 3, que non sae do seu asombro, sen quitar o ollo de ELENA, achégase a IRENE e xira ao seu redor. Esta, para non ser menos, fai o mesmo.*

**MULLER 3.-** Se non o vexo non o creo. Xa te estás quitando esa roupa, farsante.

*IRENE vai responder, pero impídeo a chegada de CARLA, tamén pola porta lateral esquerda.*

**CARLA.-** (*Allea ao que pasa*) Por fin vos encontro. Descompúxoseme a tripa, non sei por qué, e cando saín do baño non estabades.

**MULLER 3.-** (*Ao vela de lonxe di*) Quieta, Mantecas!

**CARLA.-** Déixate de coñas, Irene.

**IRENE.-** Irene son eu.

**MULLER 3.-** Pero pódese saber cantos alumnos sodes no voso colexio? (A *Carla*) E ti, Mantecas, levanta as máns, que sei que eres das que gastan pipa.

**CARLA.-** Mire que eu non fumo.

**MULLER 3.-** Xa sei, agora dáslle ao “cabalo”.

**VIQUI.-** Perdoe, axente...

**MULLER 3.-** Inspectora.

**VIQUI.-** Inspectora, está cometendo un error. Estas, as que confunde non sei con quen, son as nosas compañeiras, e vimos todas xuntas a ensaiar una obra de teatro.

**MULLER 3.-** (*Non moi convencido. Por Irene.*) Desta xa me din conta, pero das outras...

**MANUEL.-** Fíxese ben. Cre vostede que estas chicas teñen idade de ser esas que vostede busca?

**BEATRIZ.-** Verá cando se entere o meu pai do patinazo que está dando.

**MULLER 3.-** (*Sen prestar atención a Beatriz*) Iso da idade é certo, pero a roupa non engana. As teño vixiadas desde hai uns días e visten así.

**CRISTINA.-** Esta é roupa vella dos meu pais. Porque esta casa é deles, e eu deixei para ensaiar, comprende?

**MULLER 3.-** (*Garda a pistola*) Agora parece que me vou aclarando. Veredes, vos explicarei o que sucede. Hai unha “pasante” de droga á que chaman “pernas” (*senalala a Elena*) moi parecida a esta chica de negro. Pois ben, “A Pernas”, quixo facer negocios pola súa conta. Entendedes?

**BEATRIZ.-** (*Listilla*) Adulterando a mercancía para sacar o maior beneficio?

**MULLER 3.-** Así é. Por iso queren axustarlle as contas, e encargáronlle o traballíño a Mantecas, unha jicha perigosa que so logrei ver de lonxe. (*Senalala agora a Carla*) Por iso che confundín con ela.

**ANA.-** Ho, que mulleres!

**ELENA.-** Claro, e vostede e a tal “Mantecas”, que tamén estivo aquí, confundíronme con ela. Agora xa o entendo.

**IRENE.-** Ti si que vas para policía

**MULLER 3.-** Eu estiven vixiando á “Pernas” e descubrín que se escondía nesta casa aproveitando que so veñen habitala no verán e algúns fins de semana. Logo, hai un par de días, vin que chegaba á “Mantecas” e pensei que era a ocasión de agarralas. Lástima que escapan.

**BEATRIZ.-** Ben, a Pernas non se escapou porque está... está morta.

**MULLER 3.-** Como que está morta?

**MANUEL.-** Diga que non, que eu a vin de paseo.

**MULLER 3.-** Non entendo nada

**ANA.-** Claro, porque é vostede policía.

**VIQUI.-** Verá, inspectora, nós íamos ensaiar unha obra cando chamaron a porta e apareceu a tía esa que, segundo di vostede, chaman a Pernas.

**BEATRIZ.-** Deunos un susto de morte, e sen o menor tipo de respecto e consideración.

**CARLA.-** Críamos que viña por nós.

**CRISTINA.-** Entre todos collemos a escopeta do meu pai, que se disparou...

**IRENE.-** A Pernas deu un par de pasos e... catacroc!, a estirou.

**MULLER 3.-** Que estirou?

**IRENE.-** A pata, que vai ser.

**ELENA.-** Nos la cargamos!

**MULLER 3.-** Que os la cargasteis?

**VIQUI.-** Si, e pensamos achegarnos á estación para chamar á policía, é dicir, a vostede.

**MULLER 3.-** E onde metestes o cadáver?

*Todos sinalan cara o armario*

**CRISTINA.-** No armario do salón.

**MULLER 3.-** Claro, é natural. Os cadáveres ocúltanse nos armarios... dos salóns.

**ANA.-** Pero, non está.

**MULLER 3.-** Como que non está?

**MARCOS.-** Despareceu,... marchou,... entende? No seu lugar estaba esa a quen vostede chama "Mantecas"

**MULLER 3.-** Agora si que non entendo nada .Veña, teño que comprobar quen hai no armario.

*Vai cara o armario, pistola na man, abre a porta. Aparece a MULLER 1, tesa coma un poste e con cara de morta. Sorpresa dos rapaces actores. A MULLER 1 intenta saír. Todos retroceden aterrados.*

**MULLER 1.-** Menos mal, xa estaba medio afogado aí dentro.

**MULLER 3.-** Agora vas ter tempo para tomar o aire e a sombra (A Muller 3 apunta coa pistola e lle impide a saída do armario). Sinto que a "Mantecas" escapase, pero téñote a ti. Quizais estea aínda na casa. (Pecha a porta do armario con chave. Garda a pistola) Buscarei á "Mantecas" e logo levarei ao cárcere a esta elementa.

**MULLER 1.-** (Golpea a porta) Abran! Son policía!

**MULLER 3.-** Policía! Terá cara! (Solta una gargallada. Os rapaces corean a súa risa. Breve pausa) Ben, xa nada tedes que temer. Volvo en seguida. Non deixedes que escape, que é moi perigosa.

**CRISTINA.**- Xa o sabemos. Non se preocupe, que nos vixiaremos.

**MULLER 3.**- Se queredes, podedes seguir co ensaio da vosa obra.

**IRENE.**- Para ensaios estamos. Eu estou desfeita.

*Vai o sofá e outros a seguen. TOÑITO que da sen praza e decide sentar sobre o cesto. Escoitase un “!ai!” .Todos miran a TOÑITO, que quedou sorprendido. Comprenden que alguén se agocha no cesto.*

**MANUEL.**- (*Disimulando.*) Eu tamén sinto que estou morto (*A palabra “morto” prodúcelle un escalofrío*). Non, quero dicir, agotado.

**BEATRIZ.**- E eu.

*Danlle un golpe a par ao cesto e vólvese a escoitar, máis que un “ai” un potente berro. A MULLER 3, sen entender demasiado o que ocorre, saca a súa pistola e lle indica aos rapaces cun xesto que levanten a tapa do cesto. Entón queda ao descuberto a MULLER 2.*

**MULLER 2.**- Ai, a miña cabeza! E como si me pasara unha apisonadora por ela.

**MULLER 3.**- A “Mantecas”! (*Achégase a ela sen deixar de apuntala coa pistola.*) Non te movas!

**MULLER 2.**- Iso quixera eu, moverme... (*érguese con dificultade.*)

**MULLER 3.**- Mira que ben, esto é matar dous paxaros dun tiro.

**MULLER 2.**- (*Á MULLER 3.*) Como te pille, vas saber!

*A MULLER 3 sorrí e fai unha pedorreta.*

**MULLER 3.**- Si, si, es ti quen vai saber como as gasto....

**MULLER 2.**- (*Intenta achegarse á Muller 3.*) Estás morta, “Pernas”. (*Berra.*) Oíches, morta!

*Todos poñen cara de sorpresa. Ese alcume non lle corresponde á Muller 3.*

**VIQUI.**- Como a chamou?

**MULLER 2.**- Chameina “Pernas” porque é “Pernas”. Se fora Xacinta, chamaríaa Xacinta, está claro?

**ELENA.**- Agora si que non entendemos nada, a que non?

**MULLER 2.**- Pois é clarísimo! Está enganándoos! Esta golfa non é policía!

**MULLER 3.**- Para ti como si o fose, porque agora non escapas.

**MULLER 1.**- (*Aporrea a porta do armario e berra.*) Sáquenme de aquí, que afogo! Son policía!

**MANUEL.**- (*Sinala o armario.*) Entón, esa...

**MULLER 2.**- É a auténtica policía. Sabedes, agora os policías parecen delincuentes, e os delincuentes, policías. É para despistar. Sodes un pouco torpes como estudantes, vale?

**MARCOS.**- O que pasa é que non temos práctica, pero estamos aprendendo.

**MULLER 3.**- (*Á MULLER 2.*) Menos cháchara. E prepárate que nos vamos.



**MULLER 2.-** Que pensas facer comigo?

**MULLER 3.-** Eso xa o verás. Ti pensabas liquidarme a min.

**MULLER 2.-** Que cres? Que porque te libres de min vas escapar? Se non son eu, outros virán por ti...

**MULLER 3.-** Para entón estarei moi lonxe.

**MULLER 2.-** *(Sinala o armario.)* E esa? Sabes que é moi grave cargarse a unha policía.

**MULLER 3.-** Se pensas que ela te vai axudar, esqueceo. Quedará ben atada no monte e collerei o seu coche, que está aí fora, para fuxir. Cando poda soltarse eu estarei moi lonxe.

*A MULLER 2 foise achegando, mentres. Entón salta sobre a MULLER 3 e empeza unha tremenda pelexa. Os rapaces miran e se miran, e deciden poñerse todos xuntos diante da porta do armario. MARCOS aproveita que os seus compañeiros o tapan e abre a porta do armario. Sae a MULLER 1. Os rapaces collen a pistola que esvara da liorta. Danlla á MULLER 1.*

**MULLER 1.-** *(Coa pistola na man, achégase as que pelexan e berra.)* Quietas! *(As MULLERES 2 e 3 paran, sorprendidas.)* Veña, contra a parede! *(As MULLERES 2 e 3 obedecen e como se fose unha costume van cara a parede. A MULLER 1 aproveita para poñerlles unhas esposas.)* Ben, rapaces, esto rematou. Grazas pola vosa axuda.

**VIQUI.-** Por que non nos dixo que era vostede policía cando chegou?

**IRENE.-** Seguro que será da secreta.

**ANA.-** En vez de iso, dedicouse a asustarnos.

**BEATRIZ.-** Deixou que pensáramos que a matáramos.

**MULLER 1.-** Non quixen que pensades nada nin pretendín asustarvos. Cando chamei a porta para avisarvos do perigosas que podían resultar estas mulleres, algunha delas debeu golpearme na cabeza e quedei aparvada.

**MULLER 2.-** Máis forte te tiña que dar, e así agora non estaría aquí.

**MULLER 1.-** Intentei entrar na casa para pórme a salvo, porque me sentía fatal. Quixen pedirvos auxilio, mentres buscaba non desfalecer nin perder o equilibrio. Entón houbo unha forte explosión, caín e perdín o coñecemento. Cando saín do armario, aínda seguía moi confuso, non era consciente. Me sentastes no sofá, e logo, non sei por que empurrástesme ao chan. Como podía explicarme se non me deixastes?

**MANUEL.-** Foi sen querer, pensamos que vostede era Elena.

**MULLER 1.-** Que máis ten! Todo acabou e está felizmente arranxado. Podedes seguir con toda tranquilidade co voso ensaio. Por certo, que obra ides representar no instituto?

**VIQUI.-** Unha de terror.

**MANUEL.-** Queríamos representala para os cursos de 1º e 2º da ESO do insti.

**MARCOS.-** É divertidísimo asustar aos máis pequenos.

**IRENE.-** Cáganse de medo!

**MULLER 1.-** Ben, pois seguíde coa vosa obra de terror.

**TODOS.-** De terror?...Non, grazas!!!

**VIQUI.-** Imos suspender a estrea e cambiaremos de obra.

**CRISTINA.-** Si, si, mellor que representemos outra!

**CARLA.-** Unha de risa, de moita risa!

**IRENE.-** Vanse mexar coa risa!

*Todos asinten e rin, relaxados.*

**ELENA.-** Que vos dicía eu... podiamos escoller unha obra na que eu fora a princesa e o príncipe....

*E con esta frase, **FIN.***



**BEATRIZ**, vestida como unha señora dos anos corenta e adornada con toda a chatarra que atopou pola casa. Contrasta a súa roupa de inverno co abano, que non para de axitar.

**ANA**, con aspecto de señorita remilgada de fin de século.

**CARLA e MULLER 2 (“MANTECAS”)**, con pinta de asasino sacado dun manual.

**MARCOS** con toda a aparencia de señorito, en bata de casa, con bastón e un inexplicable caravel de plástico na solapa.

**MANUEL**, vestido de mordomo dentro do mais clásico estilo, con uniforme negro, mandil e gravata, posta con moi pouca graza.

**IRENE e MULLER 3 (“PERNAS”)**, vestida de inspector da policía típico: gabardina clara co colo subido, sombreiro de grandes ás a xogo, bigotiño pintado e, sorprendentemente, unha escopeta colgando do ombreiro.

**CRISTINA**, caracterizada de anciá, incluso con perruca de cabelos prateados.

**ELENA e MULLER 1 (a POLI)**, vestida totalmente de negro e cunha roupa que lle queda enorme. Ten trazas de macarra.

**TOÑITO**, caracterizado de cura párroco.

